

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

9550 Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

O artigo 53 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, crea a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, en cuxo seo se establece (artigo 55 da mencionada lei) o Catálogo español de especies ameazadas. Ambos os instrumentos -en diante, «Lista» e «Catálogo»- foron desenvolvidos a través do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

O artigo 5.1 do mencionado real decreto establece que, de acordo co procedemento previsto no artigo 53 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, se incluírán na Lista, entre outras, as especies, subespecies e poboacións que figuran como protexidas nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España. Por iso, considerando os cambios que tiveron lugar nos anexos dos instrumentos internacionais ratificados por España, resulta preciso levar a cabo actualizacións na Lista e no Catálogo.

Por unha parte, o 23 de abril de 2014 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a entrada en vigor das emendas dos anexos II e III do Protocolo sobre zonas especialmente protexidas e a diversidade biolóxica no Mediterráneo, adoptadas en París o 10 de febreiro de 2012 mediante Decisión IG.20/5 («Boletín Oficial del Estado» número 98, páxinas 31696-31974). O 27 de abril de 2015 publicouse a entrada en vigor das emendas dos anexos II e III do protocolo antes citado adoptadas en Istambul o 6 de decembro de 2013 mediante Decisión IG.21/6 («Boletín Oficial del Estado» número 100, páxinas 36268-36273). Este protocolo foi ratificado polo Reino de España o 15 de xuño de 1995 («Boletín Oficial del Estado» número 302, do 18 de decembro de 1999).

As novas listas do dito protocolo inclúen algunhas especies citadas no territorio do Reino de España e nas augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental, que non figuran na Lista nin no Catálogo. As ditas especies (quenllas, raias e peixes guitarra), de acordo co artigo 11.2 do Protocolo sobre as zonas especialmente protexidas e a diversidade biolóxica no Mediterráneo, deberán ser consideradas protexidas polas partes asinantes do protocolo.

Por outra parte, o Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa (en diante, «Convenio de Berna»), ratificado polo Reino de España o 19 de setembro de 1979, establece no seu artigo 6 que cada parte contratante adoptará as medidas necesarias para protexer as especies de fauna silvestre enumeradas no anexo II. Así mesmo, a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, establece nos seus artigos 4 e 5 que os Estados membros tomarán medidas especiais de protección das especies citadas no seu anexo I. Neste marco, dúas especies de aves que figuran no anexo II do Convenio de Berna e no I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, o ibis ermitán (*Geronticus eremita*) e a galiña do mato (*Bonasa bonasia*), non foran incluídas anteriormente na Lista por se consideraren especies non presentes daquela na fauna silvestre española; actualmente, coa posta en marcha de programas de reintrodución xa existen poboacións silvestres en España. Isto fai necesaria a súa inclusión na Lista.

Ademais das anteriores actualizacións por modificación de convenios internacionais subscritos por España, cuxo procedemento vén especificado no artigo 6.2 do Real

decreto 139/2011, do 4 de febreiro, tamén se recollen outras modificacións da Lista e do Catálogo que derivan das propostas de comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, de conformidade co procedemento previsto no artigo 6.3 do mesmo real decreto.

En concreto, recentes estudos científicos puxeron de manifesto o incremento poboacional da saladina (*Limonium magallufianum*), endemismo da flora balear. Os estudos indican que a especie presenta actualmente unha poboación ben estruturada e un elevado índice de recuperación. Por iso, procede a súa exclusión do Catálogo, no cal se encontraba na categoría «En perigo de extinción», e a inclusión na Lista por se tratar dunha especie singular. Así mesmo, a situación de ameaza dun total de vinte e catro especies de flora endémica de Cataluña, ou presentes unicamente nesta comunidade autónoma no contexto de España, fai necesaria a súa inclusión no Catálogo español de especies ameazadas. Finalmente, a actualización do estado taxonómico do molusco *Theodoxus velascoi* xustifica a súa exclusión do Catálogo español de especies ameazadas, así como da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial.

Por último, a revisión taxonómica e do estado de conservación de dúas especies de moluscos bivalvos puxo de manifesto a necesidade da súa actualización na Lista e no Catálogo. No caso da especie *Unio tumidiformis*, produciuse unha importante redución das poboacións e as existentes encóntranse dispersas, illadas e formadas por un escaso número de exemplares. Faise necesaria, por tanto, a súa inclusión no Catálogo coa categoría «Vulnerable». No caso da especie *Unio ravoisieri*, a existencia unicamente de dúas poboacións coñecidas aconsella a súa inclusión no Catálogo coa categoría «En perigo de extinción».

Igualmente, incorpóranse, exclúense ou cámbianse de categoría na Lista ou no Catálogo os taxons para os que se dispón de nova información científica, tal e como solicitaron as comunidades autónomas de Cataluña, Illes Balears, Comunidade Valenciana e a Sociedad Española de Malacología.

Esta orde dítase de conformidade coa disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, que faculta o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito da súa competencia, a modificar o anexo para actualizalo e, se é o caso, adaptalo á normativa comunitaria. Deste modo, incorpóranse ao anexo I do mencionado real decreto distintas especies que non figuraban con anterioridade, para adaptalo ás directivas comunitarias, aos convenios internacionais ratificados por España e á información científica actualizada dispoñible.

Na elaboración desta orde seguiuuse o trámite de audiencia previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno; consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e someteuse o proxecto ao trámite de participación pública en materia de ambiente establecido no artigo 16 en relación co artigo 18.1.h) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, solicitáronse os informes da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Consello Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Comité Científico do artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.*

Con obxecto de incluír, excluír ou cambiar de situación determinadas especies modifícase o anexo polo que se inclúen na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e, se é o caso, no Catálogo español de especies ameazadas, nos seguintes termos:

«Un. Inclúense na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, ou ben no Catálogo español de especies ameazadas, as seguintes especies nas categorías que se indican a continuación:

Nome científico	Nome común	Poboación referida
-----------------	------------	--------------------

Especies que se inclúen na Lista

a) Aves: Pelecaniformes. <i>Threskiornithidae</i> . <i>Geronticus eremita</i> .	Ibis ermitán.	
Galiformes. <i>Phasianidae</i> . <i>Bonasa bonasia</i> .	Galiña do mato.	
b) Peixes: Carcharhiniformes. <i>Triakidae</i> . <i>Galeorhinus galeus</i> .	Cazón.	Mediterráneo.
Lamniformes. <i>Lamnidae</i> . <i>Isurus oxyrinchus</i> .	Marraxo azul.	Mediterráneo.
<i>Lamna nasus</i> .	Marraxo.	Mediterráneo.
Rajiformes. <i>Rajidae</i> . <i>Leucoraja circularis</i> .	Raia de lunares.	Mediterráneo.
<i>Leucoraja melitensis</i> .	Raia de Malta.	Mediterráneo.
<i>Rhinobatidae</i> . <i>Rhinobatos cemiculus</i> .	Guitarra barbanegra.	Mediterráneo.
<i>Rhinobatos rhinobatos</i> .	Guitarra común.	Mediterráneo.

Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «En perigo de extinción»

a) Flora:		
<i>Tracheophyta</i> .		
<i>Ophioglossaceae</i> .		
<i>Botrychium matricariifolium</i> .		
<i>Pteridophyta</i> .		
<i>Pteridaceae</i> .		
<i>Pellaea calomelanos</i> .		
<i>Woodsiaceae</i> .		
<i>Woodsia pulchella</i> .		
Anxiospermas:		

Nome científico	Nome común	Poboación referida
<i>Boraginaceae.</i>		
<i>Cerithe glabra.</i>		
<i>Lappula deflexa.</i>		
<i>Caryophyllaceae.</i>		
<i>Silene sennenii.</i>		
<i>Gentianaceae.</i>		
<i>Gentiana angustifolia</i> , subsp. <i>angustifolia</i> .		
<i>Geraniaceae.</i>		
<i>Erodium foetidum.</i>		
<i>Labiatae.</i>		
<i>Stachys maritima.</i>		
<i>Plantaginaceae.</i>		
<i>Plantago cornuti.</i>		
<i>Plumbaginaceae.</i>		
<i>Limonium vigoii.</i>		
<i>Ranunculaceae.</i>		
<i>Aquilegia pauii.</i>		
<i>Thymelaeaceae.</i>		
<i>Daphne alpina.</i>		
<i>Umbelliferae.</i>		
<i>Peucedanum schottii.</i>		
<i>Seseli farrenyii.</i>		
b) Invertebrados bivalvia:		
Unionoida.		
<i>Unio ravoisieri</i> , (antes <i>U. elongatulus</i>).	Náiade do noroeste.	

Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «Vulnerable»

a) Flora:		
Anxiospermas.		
<i>Boraginaceae.</i>		
<i>Glandora oleifolia</i> (= <i>Lithodora oleifolia</i>).		
<i>Compositae.</i>		
<i>Hieracium recoderi.</i>		
<i>Hieracium queraltense.</i>		
<i>Hieracium vinyasianum.</i>		

Nome científico	Nome común	Poboación referida
<i>Orobanchaceae.</i>		
<i>Pedicularis comosa</i> , subsp. <i>asparagoides</i> .		
<i>Plumbaginaceae.</i>		
<i>Limonium geronense.</i>		
<i>Poligalaceae.</i>		
<i>Polygala vayredae.</i>		
<i>Ranunculaceae.</i>		
<i>Delphinium montanum.</i>		
<i>Resedaceae.</i>		
<i>Reseda jacquinii</i> , subsp. <i>litigiosa</i> .		

Dous. As especies que se relacionan a continuación cambian de situación dentro da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, ou ben dentro do Catálogo español de especies ameazadas:

Nome científico	Nome común	Categoría anterior
<i>Especies que se inclúen na Lista</i>		
Flora anxiospermas:		
<i>Plumbaginaceae.</i>		
<i>Limonium magallufianum.</i>	Saladina.	«En perigo de extinción».

Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «Vulnerable»

Invertebrados bivalvia:		
Unionoida.		
<i>Unio tumidiformis.</i>	Náidade túmida.	

Tres. Exclúese do Catálogo español de especies ameazadas e da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial a seguinte especie:

Nome científico	Nome común	Categoría en que se encontraba no Catálogo
Invertebrados gastropoda:		
Neritidae.		
<i>Theodoxus velascoi.</i>		«En perigo de extinción»

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Esta orde ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente de conformidade co disposto no artigo 149.1.23ª da Constitución española.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de agosto de 2015.–A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.